




CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, E O CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTINUIDADE DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE CANGAS.

En Santiago de Compostela, a 16 de setembro de 2016



REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, en nome e representación da Administración xeral da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 126/2015, do 4 de outubro, , en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e de conformidade co establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril),



Doutra parte, o Concello de Cangas e, no seu nome e representación, o seu alcalde, segundo a toma de posesión do 13 de xuño de 2015, don Xosé Manuel Pazos Varela, actuando en nome e representación do referido concello, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime



local, o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e o artigo 24 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,

As partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, a capacidade legal suficiente para asinar o presente convenio de colaboración e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o Estatuto de autonomía de Galicia lles encomenda aos poderes públicos galegos a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, ademais de remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude, facilitando a participación de todas as persoas galegas na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do seu Estatuto de autonomía, en consonancia coas competencias outorgadas ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social e, no seu exercicio, aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Segundo.- Que, segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, esta é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal lle corresponden, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado, correspondéndolle á



Consellería de Política Social a elaboración das propostas das políticas e a súa atención en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Terceiro.- Que, segundo o artigo 2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, enténdese por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos expresados no seu artigo 3. Así mesmo, establece que integra o sistema galego de servizos sociais o conxunto de servizos, programas e prestacións, tanto de titularidade pública como privada, e no seu artigo 9 determina como servizos sociais comunitarios aqueles de carácter predominantemente local, referenciados a un territorio e unha poboación determinados.



Dentro destes servizos sociais comunitarios, o artigo 12 determina que os servizos sociais comunitarios específicos desenvolverán programas e xestionarán centros orientados a colectivos con problemáticas identificadas e singulares, procurando a súa normalización e reincorporación social. Segundo o artigo 13, os servizos sociais comunitarios específicos terán como función, entre outras, a atención directa a colectivos con déficit de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolva a través de programas que se desenvolvan en medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.



Consonante o artigo 60.1.b) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, é competencia dos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos.

Non obstante o anterior, o artigo 59.i) da dita lei tamén lle atribúe á Xunta de Galicia a competencia para "A creación, o mantemento e a xestión ... dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito



supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas ..., asuma a Xunta de Galicia".

E, pola súa banda, o artigo 64 da mesma lei establece que "A Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos".

Cuarto.- Que neste marco dos servizos sociais comunitarios específicos a Xunta de Galicia xestiona unha rede de centros sociocomunitarios, que son centros de servizos sociais destinados a servir como lugares de encontro nos que se promove a convivencia, fundamentalmente entre as persoas maiores, co obxectivo de potenciar a solidariedade e a integración persoal e comunitaria, así como a promoción da autonomía persoal das persoas maiores mediante o desenvolvemento de diversas actividades e obradoiros. Polas súas características, estes equipamentos teñen un ámbito de actuación local.

Así mesmo, conforme á Orde de 18 de agosto de 2000, pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, estes equipamentos se tipifican como centros de atención ás persoas maiores, e en función das características de cada un deles, se clasifican como fogares ou clubs, ou como centros sociais polivalentes.

Un destes centros é o centro sociocomunitario existente no Concello de Cangas, que atende á poboación maior dese concello e dos límites.

Desde a entrada en vigor da súa autorización para o inicio de actividades o 31/01/2008 (DOG 30/01/2008) ata o ano 2011, inclusive, o dito centro estaba situado nun inmoble alugado, o que viña agravando considerablemente os seus custos de mantemento, facendo imposible na conxuntura económica actual o mantemento deste servizo, e deu



lugar á cesación da prestación de servizos e desaparición deste centro sociocomunitario de titularidade autonómica o 31/12/2011.

Quinto.- Que, non obstante o anterior, debido ao interese mutuo e coincidente do Concello de Cangas e da Consellería de Política Social na continuidade deste servizo, polas importantes funcións que está a cumprir, fundamentalmente en materia de integración social de persoas maiores, promoción da súa autonomía persoal e prevención da dependencia, en 2012, 2013 e 2014 asináronse os correspondentes convenios anuais para promover e garantir a continuidade, respectivamente, do funcionamento do centro sociocomunitario de Cangas. Lamentablemente, en 2015 non foi posible formalizar o correspondente convenio anual, debido a que a solicitude enviada polo Concello de Cangas para a súa subscripción tivo entrada na Administración autonómica cando o exercicio xa estaba preto do seu cerramento e non había marxe de tempo suficiente para a súa tramitación. Non obstante, en liña cos convenios dos anos 2012, 2013 e 2014, no presente ano o Concello de Cangas comprométese a continuar asumindo a titularidade e a xestión do centro sociocomunitario e a Administración autonómica comprométese a colaborar no financiamento dos gastos de mantemento do dito centro ao abeiro do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos artigos 36 c) e 40 do regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sexto.- Que persisten as mesmas circunstancias que deron lugar á sinatura dos ditos convenios, e habida conta de que, se este desaparece, non existiría ningún outro centro alternativo que puidese garantir a continuidade destes servizos no Concello de Cangas.

Sétimo.- Que, de conformidade coa previsión do artigo 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro,, ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas competencias en materia de servizos sociais establecer unha fórmula de colaboración que posibilite a continuidade do antedito centro sociocomunitario no Concello de Cangas, como servizo social comunitario específico de titularidade local, orientado á promoción da autonomía persoal das persoas maiores.



En virtude do exposto, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, con suxeición as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e o Concello de Cangas, é instrumentar a colaboración conxunta necesaria para darlle continuidade ao funcionamento do centro sociocomunitario do Concello de Cangas, como servizo social comunitario específico de titularidade local.

Non obstante, o dito centro sociocomunitario local integrárase na rede galega de centros sociocomunitarios xestionada pola Xunta de Galicia, pero unicamente para os efectos da realización de obradoiros e actividades comúns á dita rede.

En xeral, como centro sociocomunitario integrado na dita rede, desenvolverá as seguintes funcións:

- Potenciar a participación das persoas usuarias nas actividades desenvolvidas nos centros integrados na rede, fomentando a creación de actividades de uso e participación social.
- Potenciar o diálogo grupal, o coñecemento mutuo e a transferencia de experiencias, facilitando a discusión de ideas, a diversidade de formas de aprendizaxe e a creación de contornos de convivencia compartida.



- c) Proporcionarlles ás persoas usuarias dos centros integrados na rede un acceso permanente á información e orientación sobre os programas, recursos e actividades do sistema galego de servizos sociais.
- d) Promover a atención das necesidades psicosociais e de ocio e recreo das persoas maiores.
- e) Fomentar, nas persoas maiores, o logro dunha vida autónoma, contribuíndo a facer realidade as premisas do envellecemento activo e o desenvolvemento dunha vida social saudable.
- f) Facilitar a conexión telemática entre os distintos centros integrados na rede coa finalidade de permitirlles interactuar para a difusión do coñecemento, das experiencias, dos programas e actuacións que se desenvolvan en cada un deles, sen prexuízo do establecido no título II da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

SEGUNDA.- Compromisos das partes.

1) Do Concello de Cangas.




O Concello de Cangas comprométese a:

Continuar a manter como destino exclusivo do local de 1.197,33 metros cadrados no inmovible situado na Avenida de Castelao, nº 4, na localidade de Cangas, titularidade do concello, o de albergar un centro sociocomunitario municipal, integrado na rede galega de centros sociocomunitarios, durante o período de vixencia do presente convenio, garantindo a súa plena dispoñibilidade para a realización de obradoiros e actividades organizados no marco da dita rede.



- b) Garantir que as instalacións do dito local reúnan as condicións necesarias para o seu funcionamento como centro sociocomunitario, de conformidade co establecido no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.
- c) Desenvolver ás funcións de conserxería en relación co dito local.
- d) Asumir os gastos de natureza corrente asociados á utilización do local e ao seu funcionamento do centro sociocomunitario, mediante a contratación dos servizos e subministracións correspondentes.



Cumprir cos requisitos e obrigas que os artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, establecen para os beneficiarios das subvencións. En particular, para acreditar o cumprimento da obriga de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade social ou de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma será suficiente coa presentación dunha declaración responsable. O cumprimento deste requisito de estar ao corrente deberá acreditarse con carácter previo á sinatura deste convenio e tamén antes do último pagamento da subvención.



- f) Cumprir co requisito do artigo 4.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, de ter remitido ao Consello de Contas as contas xerais de cada exercicio. O cumprimento deste requisito deberá acreditarse con carácter previo á sinatura do convenio mediante certificación do órgano competente da corporación local.
- g) Cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, e no




artigo 4 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

2) Da Consellería de Política Social.

A Consellería de Política Social comprométese a:

- a) Subvencionar, ao abeiro do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 36 c) e 40 do regulamento que a desenvolve, ata un máximo de 22.000,00 € para financiar os gastos derivados da contratación por parte do concello dos servizos de limpeza do inmoble no que se sitúa o centro sociocomunitario, agás as instalacións da cafetería, cuxa limpeza será asumida pola entidade á que o concello lle adxudique a explotación do servizo de cafetería.



b) Apoiar o Concello de Cangas nas tarefas relativas á organización de obradoiros e actividades orientadas á promoción da autonomía persoal e o envellecemento activo, así como na posta en funcionamento inicial do centro. Estes labores de apoio efectuaranse, a tempo parcial, a través de persoal propio da consellería con experiencia na xestión de centros sociocomunitarios, quen lle prestará a súa colaboración á persoa ou persoas que o concello designe.



c) Seguir integrando este centro na rede galega de centros sociocomunitarios para os efectos da realización de obradoiros e actividades organizados no marco da dita rede.

- d) Manter a rotulación o acceso ao local, identificándoo como centro sociocomunitario da rede galega de centro sociocomunitarios.



TERCEIRA.- Publicidade do convenio.

As partes asinantes autorizan, coa formalización do presente convenio, a que se inclúan e fagan públicos os datos relativos a achega económica outorgada por medio do presente convenio nos rexistros públicos regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006.

Igualmente, de conformidade coas previsións normativas do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e do artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración (nomeadamente, os datos correspondentes ao obxecto do convenio, ao seu prazo de duración, ás modificacións realizadas, aos suxeitos obrigados á realización das prestacións e ás obrigas económicas convidas) no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, no rexistro de convenios da administración autonómica, no Diario Oficial de Galicia e mais na web da Consellería de Política Social.

Asemade, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o presente instrumento de colaboración e mais a información sobre a subvención que se articula a través del serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

CUARTA.- Financiamento, xustificación e pagamento das obrigas asumidas pola Consellería de Política Social.

A Consellería de Traballo e Benestar financiará, con cargo á aplicación 12.03.313C.460.0, proxecto 2015 00530, dos orzamentos de gastos da Dirección Xeral



de Inclusión Social para o ano 2016, ata un máximo de 22.000,00 € para sufragar os gastos derivados da contratación por parte do Concello de Cangas dos servizos de limpeza do inmoble no que se sitúa o centro sociocomunitario, agás as instalacións da cafetería, cuxa limpeza será asumida pola entidade á que o concello lle adxudique a explotación do servizo de cafetería.

Ao abeiro do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 62 do seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, efectuaranse os pagamentos a conta (pagamentos fraccionados que responden ao ritmo de execución das accións subvencionadas) a favor do Concello de Cangas ata o 80% da contía subvencionada contra xustificantes de gasto (facturas) que acrediten os gastos realizados polo concello nos ditos servizos de limpeza, aos que deberá xuntarse a certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida. O Concello de Cangas deberá presentar estes xustificantes ante a Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social. Para estes efectos, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local, segundo o establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

O 20% restante aboarase cando o concello achegue os xustificantes de gasto e a certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as correspondentes facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida que acaden un importe igual ou superior ao total da contía subvencionada.

En todo caso, como xustificación final da subvención e como requisito para a tramitación do pagamento, o Concello de Cangas deberá presentar a conta xustificativa completa da subvención concedida, de conformidade co previsto nos artigos 8 e 9 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, xuntándolle, ademais, a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade



Social ou de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, coa data límite do 10/12/216.

O Concello de Cangas sempre estará obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na súa conta bancaria de cada un dos aboamentos destinados ao financiamento dos devanditos servizos de limpeza.

A citada documentación xustificativa poderá incluír os devanditos gastos de servizos de limpeza que se orixinasen con anterioridade á data da sinatura do convenio, sempre que se realizasen no exercicio orzamentario corrente.


A subvención concedida ao Concello de Cangas en virtude deste convenio de colaboración para financiar os gastos derivados dos mencionados servizos de limpeza será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Polo tanto, de acordo co indicado no parágrafo anterior e tendo en conta o artigo 11.d) da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Concello de Cangas deberá comunicarlle á Consellería de Política Social (Dirección Xeral de Inclusión Social) a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas en virtude deste convenio de colaboración, así como, de ser o caso, a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da dita subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación final da aplicación dada aos fondos percibidos.



No caso de incumprimento das condicións establecidas no dito convenio de colaboración co Concello de Cangas, para a concesión da referida subvención, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos e na forma establecidos no artigo 33 a 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo coas anteriores disposicións normativas, o Concello de Cangas estará obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións percibidas.



QUINTA.- Establecemento dunha comisión mixta de seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio de colaboración crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada unha das entidades afectadas polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada, por parte da consellería, por dous representantes designados pola Dirección Xeral de Inclusión Social da Conselleira de Política Social e, por parte do concello, por dous representantes designados pola alcaldía. A dita comisión será presidida por un dos representantes da Consellería de Política Social.



SEXTA.- Modificación, Denuncia e Resolución do convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.



Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso dun mes.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

SÉTIMA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e tamén pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Igualmente serán de aplicación os principios contidos no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, en canto ás resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.


Correspóndelle á Consellería de Política Social a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación, modificación e resolución do presente convenio, poñendo os seu acordos fin á vía administrativa. Contra os mesmos cabe recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

OITAVA.- Vixencia.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo a súa vixencia desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2016.



Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscribítese, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL  <i>[Signature]</i> José Manuel Rey Varela	O ALCALDE DO CONCELLO DE CANGAS  <i>[Signature]</i> Xosé Manuel Pazos Varela
---	---